



Non coñecemos ben os cus.
Sabías que hai cus con forma de pemento?
E cus de cores: azuis, vermellos, transparentes, de lunares...
E mesmo cus multicolores!

Neste libro has descubrir os seus costumes,
o que lles gusta e moitos outros segredos que
nunca escoitaras sobre o fascinante mundo dos cus.

Ven coñecelos!





O LIBRO DOS



EVA MANZANO EMILIO URBERUAGA

O LIBRO DOS CUS

EVA MANZANO EMILIO URBERUAGA



*A Emilio pola súa amabilidade, elegancia e sentido do humor.
Porque é unha honra traballar contigo.*

*A todos os cus: aos extravertidos, aos tímidos,
aos triangulares ou circulares, xupiterianos ou terrestres.
Pola súa ledicia, e porque son coma a cara oculta da Lúa.*

Eva Manzano

A Leo, per essere qui.

Emilio Urberuaga



O libro dos cus
Colección Somos8

© Texto: Eva Manzano, 2023

© Ilustracións: Emilio Urberuaga, 2023

© Edición: NubeOcho, 2023

www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *El libro de los culos*

Tradución: Maruxa Zaera

Primeira edición: febreiro, 2023


ISBN: 978-84-19607-22-5

Depósito Legal: M-29761-2022


Impreso en Bosnia-Herzegovina.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

O LIBRO DOS



EVA MANZANO EMILIO URBERUAGA






Non coñecemos ben

OS CUS.

Claro, sempre os levamos tapados. Pero, a pesar de que todos se parecen, tamén son moi diferentes entre eles.

Cada un ten a súa personalidade. Poden ser moi tímidos ou moi simpáticos, pero hai algo que está claro: todos os cus saúdanse entre eles e gústalles dar os bos días ou as boas tardes.



Encántalles sentar, pero tamén andar, subir montañas e baixalas, ir de vacacións e recibir

AGASALLOS.


UN POUCO DE HISTORIA

O cu, tal como o coñecemos agora, ten o seu propio aniversario. Naceu no

PERÍODO CÁMBRICO

un día de hai uns...



540 MILLÓNS DE ANOS!



Todo comezou cando algúns animais desenvolveron

UNHA BOCA

para comer e outra para se desfacer do que comeran. Grazas a este cambio puidemos comer, medrar e aumentar de tamaño. O cerebro puido desenvolverse máis.



Por tanto, o nacemento do cu fíxonos

MÁIS INTELIXENTES.

COMO É UN CU HUMANO?

Os humanos temos un cu voluminoso. Onde rematan as costas aparecen dúas bóliñas moles e arredondadas, cunha fenda no medio. O cu das mulleres é máis grande por mor dunha hormona que se chama

ESTRÓXENO.



POR QUE OS HUMANOS TEMOS UN CU TAN GRANDE?


Cando evolucionamos dos simios, os músculos do cu axudáronos a deixar de andar a catro patas e

POÑERNOS DE PÉ.

Grazas a iso podemos aguantar correndo grandes distancias e sobrevivir.

HÁBITOS E COSTUMES DOS CUS

Os humanos teñen moitas teimas respecto dos seus cus e chámanlles de moitas maneiras: traseiro, pandeiro, nádegas...



En varias culturas considérase de mala educación mencionalos: nádeg... SHHH! E está prohibido mostralos en público. A pesar diso, o cu sempre está aí.




Aos bebés encántalles andar co
CU AO AIRE.



Os adolescentes míranos

NO ESPELLO

antes de saíren da casa.



OS CUS DO MEU BARRIO

O da panadeira Fernanda parece un

PAN DE MOLETE.



Herminio é o froiteiro, e abofé
que ten o cu coma un

PEMENTO.



Na escola, Pepón sempre di que lle proe, e raña
nel coas dúas mans. Despois vén detrás de nós
e temos que escapar del.



Os cus teñen algo chistoso,
pois fan rir. Só por iso
xa lles debían facer un

MONUMENTO


na praza da vila
ou da cidade.



BRAGAS E CALZÓNS

Os humanos teñen variedade de **TALLES** para os seus cus.

Os homes poñen **CALZÓNS** e as mulleres, **BRAGAS**.



Hainos de corazóns, de flores, de lunares, de listas, de superheroes.
Hai **TALLES** grandes, extra grandes, medianos, pequenos e extra pequenos. E logo están os talles extraordinarios para os

SÚPER CUS.

